
CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ

**CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE
LÉREZ NO CONCELLO DE PONTEVEDRA.**

CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ

ÍNDICE

- BASES DO CONCURSO.....	3
--------------------------	---

CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÁREZ

BASES DO CONCURSO

1. ENTIDADE CONVOCANTE.

Convoca este concurso a Comunidade de Montes en Man Común da parroquia de Lárez no concello de Pontevedra, en colaboración coa Delegación de Pontevedra do Colexio de Arquitectos de Galicia.

Se ben o edificio será propiedade da entidade convocante, a Comunidade de Montes en Man Común da Parroquia de Lárez, ésta ten o compromiso de compartirlo coas entidades culturais da parroquia, que neste momento son as seguintes:

- Alianza Gandeira Mútua de Lárez.
- Asociación de Veciños de Lárez "San Bieito".
- Asociación Cultural "Santísimo Cristo"
- Asociación Cultural "Cedofeita"
- C.D. de Fútbol Lárez.

2. OBXECTO.

O presente prego de Cláusulas Administrativas ten por obxecto establecer as condicións xurídicas que rexerán no concurso público de ideas co fin de seleccionar un Anteproxecto que sirva de base ao correspondente Proxecto Técnico -Básico e de Execución- e a Dirección de obra para a construción dun edificio de nova planta que acolla a Casa da Cultura de Lárez, no concello de Pontevedra, nun solar sito entre as rúas Leandro del Río e a rúa do Camiño Vello deste concello e preto do Camiño Portugués a Santiago, sobre unha superficie duns 250 m² aproximadamente, onde hoxe se encontra un edificio en estado ruinoso.

Así mesmo realizarase unha proposta de ordenación dos terreos inmediatos ó edificio que se deseñe según o ámbito de actuación grafiado nestas bases, no que xa se recoñece o vial existente amparado na Modificación Puntual en tramitación.

É un concurso de anteproxecto de arquitectura, aberto e anónimo.

3. CONCURSANTES.

Poderán participar no concurso as persoas físicas profesionalmente competentes para levar a cabo o proxecto obxecto do concurso, españois ou non que se atopen facultados legalmente para exercer a profesión no territorio español, e que non se atopen incursos en ningunha causa de incompatibilidade para a redacción deste anteproxecto

Poderán participar individualmente, ou asociados en UTE, ou formando equipos multidisciplinares, neste último suposto, baixo calquera forma societaria de carácter civil ou mercantil, debendo ser o director do equipo ou o encargado de dirixir os traballos un profesional competente de acordo coa Lei de Edificación.

Igualmente poderán participar persoas xurídicas cuíos fins sociais correspondan co obxecto do concurso, sempre e cando o director de equipo ou o encargado de dirixir os traballos sexa un profesional competente de acordo coa Lei de Edificación.

En calquera caso, será preciso ter plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ao obxecto do contrato.

CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ

Só se poderá presentar unha proposta por persoa, non admitindo que unha mesma persoa participe en varios equipos, presente varias propostas individualmente e/ou mediante unha ou varias empresas.

No poderán participar neste concurso os membros do xurado, os seus asociados, os seus familiares con parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao. Ningún participante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do xurado durante o período do concurso.

4. CALENDARIO.

a. Convocatoria **4 de abril de 2008.**

Os canais de difusión da convocatoria do concurso serán os medios de difusión en prensa, boletíns e circulares do COAG e a páxina web oficial do Colexio de Arquitectos.

b. Recepción de consultas **ata o 25 de abril de 2008**

As posibles consultas remitiranse no prazo fixado a concursos@coag.es, concluído o prazo de recepción de consultas, tódolos concursantes admitidos poderán descargar vía web, as respostas á totalidade das consultas formuladas.

c. Presentación dos traballos **6 de xuño de 2008**

Os equipos participantes só poderán presentar unha proposta por cada inscrición . A entrega faráse en man ou correo certificado, na Delegación do COAG de Pontevedra ata as 14.00 horas do día fixado como límite.

d. Resolución do concurso **20 de xuño de 2008**

Na data indicada terá lugar o fallo do Xurado, do cal se dará traslado ós premiados e publicarase en circular do COAG.

g. Recollida dos traballos non premiados

Os traballos non premiados poderán retirarse personalmente ou por delegación escrita no prazo de dous meses desde o fallo do xurado. Entenderase que os autores dos traballos non recollidos nos prazos estipulados renuncian implícitamente a eles.

5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

A documentación (que compón os sobres Nº1, Nº2 e Nº 3) presentarase en embalaxes opacos, cerrados e lacrados, figurando no seu exterior as seguintes lendas:

SOBRE Nº 1

" CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ"

- "CONTÉN OS DATOS DO CONCURSANTE"
- "LEMA":

CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ

SOBRE Nº 2

" CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ"

- "DOCUMENTACIÓN DO ANTEPROXECTO"
- "LEMA": (igual que o sobre Nº1)

SOBRE Nº 3

" CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ"

- "PROPOSTA DO ARQUITECTO COMPOÑENTE DO XURADO EN REPRESENTACIÓN DOS CONCURSANTES".
- "LEMA": (igual que o sobre Nº1)

5.1. CONTIDO DO SOBRE Nº 1 (Datos do concursante)

- Solicitude de participación (segundo modelo **anexo I**)
- Documentación acreditativa da personalidade do concursante, deberá presentarse orixinal ou copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente:
 - Se o participante é persoa física:
 - NIF ou documento que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente.
 - Documento que acredite a súa colexiación no correspondente Colexio profesional.
 - Se é persoa xurídica:
 - Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación vixente que lle sexa aplicable. De non ser esixible a inscrición no Rexistro, a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.
 - CIF.
 - O representante da persoa xurídica deberá acompañar escrito de poder.
 - En caso de equipos multidisciplinares deberá acreditarse a colexiación no correspondente Colexio Oficial do director do equipo ou do encargado de dirixir os traballos.
 - Unión Temporal de empresarios:

Poderanse presentar ao concurso Unións de profesionais ou empresarios que se constituían temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do premio ao seu favor.

Deberán presentar un escrito de compromiso conforme ao Anexo III, no que se indique: a participación de cada un deles na Unión Temporal; a asunción do compromiso de constituírse formalmente en Unión Temporal en caso de resultar gañadores dos premios; e a designación dun representante ou apoderado único da Unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e obrigas derivados do concurso.

O devandito documento deberá estar asinado polas persoas físicas ou polos representantes das persoas xurídicas que así mesmo compoñen as mesmas.

Ademais, cada un dos membros da UTE deberá presentar a documentación esixida para as persoas físicas ou xurídicas, segundo o caso, relacionadas nos puntos anteriores. A duración da unión temporal dos licitadores será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ

- Concursantes estranxeiros:

Os concursantes estranxeiros, xa sexa persoas físicas ou xurídicas, deberán presentar a mesma documentación que os concursantes españois, coa asimilación que corresponda de acordo coas concordantes leis do seu país.

Sen prexuízo do anterior, a acreditación da colexiación en Colexio Oficial substituirase polo título homologado, se tal homologación resultase necesaria, e polo compromiso, no caso de resultar gañador do primeiro premio, de solicitude de autorización ao correspondente Colexio Oficial para a redacción e dirección do proxecto.

A documentación en todo caso presentárase traducida ao castelán.

Se se trata de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, deberán ademais acompañar informe da Misión Diplomática Permanente de España ou do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de Estado signatario do devandito Acordo. No caso contrario, informe de reciprocidade do Estado de procedencia de que o mesmo admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación pública, en forma substancialmente análoga.

c. Enderezo postal, Teléfono, Fax e enderezo de correo electrónico (Email).

5.2. CONTIDO DO SOBRE Nº 2 (Documentación do anteproxecto. Pode conter dous ou mais embalaxes)

- Breve memoria descriptiva en formato DIN A-4 na que se xustifique a idoneidade da proposta, incluíndo:
 - Un cadro de superficies útiles e construídas
 - Estimación de presuposto, segundo as bases do concurso.

En cada unha das páxinas aparecerá o título do concurso e o lema escollido.

- Documentación gráfica:
 - Plano de emprazamento e relación co contorno;
 - Plano de ordenación xeral
 - Planos de planta, alzado, e sección necesarios para o correcto entendemento da proposta.
 - Perspectivas e/ou render interior e exterior.

Os planos irán montados en soporte ríxido, plano e resistente de tamaño A-1, cun máximo de 3 paneis.

En cada un dos paneis figurarán o título do concurso e o lema escollido.

Ademais, achegarase un CD que conterá a documentación gráfica da proposta, consistente nun arquivo .pdf ou .jpg de cada un dos paneis e, ademais, a documentación escrita en arquivos .doc ou .pdf. Os arquivos nomearanse co lema, seguido, se é o caso, do número de orde do panel

Non poderá figurar en ningún documento escrito nin gráfico referencia que permita identificar os membros do equipo redactor, distinto do LEMA baixo o que se presenta.

CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ

Estes arquivos poderanse empregar tanto para posibles publicacións posteriores, coma para compilar un CD que conteña todas as propostas, CD que pode ser repartido a todos os membros do Xurado con anterioridade as súas deliberacións, para o estudo detallado de todas as propostas.

5.3. CONTIDO DO SOBRE Nº3 I Fase

No interior deste sobre (que soamente poderá ser un por cada oferta), o presentador da oferta propondrá (**anexo III**) exclusivamente un arquitecto residente en Galicia que, segundo o seu parecer, debería de formar parte do xurado encargado da selección das propostas.

6. FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Xunto cos paneis acompañarase un sobre pechado no exterior do cal figurarán o título do concurso e o lema escollido, e no seu interior o nome do/s concursante/s e a súa dirección e teléfono de contacto.

Os traballos presentaranse na Delegación en Pontevedra do COAG:
C/ Riestra, 11, 1º. 36001 Pontevedra
Fax: 986 845126

7. PREMIOS

Primeiro Premio

Otorgaráse un primeiro premio de **3.000 €**, en concepto de entrega a conta dos honorarios do proxecto.

Accésit

Otorgaráse tres accésit, de **1.500 €** cada un.

8. XURADO

O Xurado para a selección do anteproxecto estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O Presidente da Comunidade de Montes de Man Común de Lérez.

Vocais: A Presidenta da Delegación do COAG en Pontevedra ou persoa na que delegue.
Un arquitecto designado polo Concello de Pontevedra.
Un arquitecto designado pola Deputación de Pontevedra
Un arquitecto designado pola Comunidade de Montes Veciñais de Lérez.
Un arquitecto designado pola delegación do COAG en Pontevedra.
Un arquitecto residentes en Galicia nomeados polos concursantes.

Secretario: O secretario da Comunidade de Montes de Man Común de Lérez (que actuará con voz pero sen voto).

8.1 Criterios de valoración:

O xurado, previo análise e avaliación dos traballos presentados ao concurso, propondrá a súa resolución atendendo aos seguintes criterios:

- o A orixinalidade e carácter propio da proposta, así coma a proposta de espazos versátiles e adaptados ás actividades lúdicas, de lecer, asociativas e culturais.
- o A durabilidade e fácil mantemento dos materiais empregados.
- o O aforro enerxético, a luminosidade e a ventilación dos espazos propostos.

CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ

- o A facilidade do acceso para todas as persoas con mobilidade reducida e dos vehículos de carga e descarga de material.
- o A creación de ambientes de encontro axeitados á actividade.
- o A seguridade en situacións de emerxencia e a facilidade na evacuación.
- o A integración dos elementos arquitectónicos do edificio existente que o Concello obriga a recuperar na nova construción.
- o A axeitada previsión das conexións de T.V, internet e fío musical.
- o A posibilidade de facer o edificio por fases, valorándose a posibilidade de división en fases presupostarias.

8.2. Constitución e acordos:

A súa constitución será declarada válida sempre que asistan, previa citación, o presidente, o secretario e a metade do resto dos seus membros. Os acordos, en caso de disparidade de criterios, resolveranse por votación decidida pola maioría dos votos emitidos, decidindo o do presidente para o caso de empate.

9.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS. OBRIGAS DOS CONCURSANTES

Os traballos presentados serán de propiedade dos concursantes, cedendo á Comunidade de Montes en Man Común de Lerez e á Delegación de Pontevedra do COAG os correspondentes dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública, para os efectos de que poidan recopilar, publicar e expoñer os traballos presentados, debendo citar a súa procedencia e autoría.

Quedarán en propiedade do Comunidade toda a documentación admitida ao concurso.

O presente concurso, así como as relacións entre o/s concursante/s seleccionado/s cos convocantes rexeránse polas presentes bases e polas normas internas do COAG, en especial polo *Reglamento Interno de los Colegios Oficiales de Arquitectos para los Concursos de Arquitectura*.

Os concursantes quedan obrigados, polo mero feito da súa inscrición, á aceptación das presentes bases; en caso de incurrir en indefinicións ou erros na definición destas bases, será de aplicación o Regulamento de Concursos publicado polo *Consejo Superior de Arquitectos de España*.

O gañador deste concurso comprométese á entrega do proxecto básico e de execución en dous meses dende o fallo do concurso, e a sometelos a visado na Delegación de Pontevedra do COAG.

10. PROGRAMA DE NECESIDADES.

Preténdese esgotar as posibilidades edificatorias que o PXOM de Pontevedra lle concede, polo que para isto preténdese edificalo en soto, planta baixa, dúas altas e baixo cuberta, sobre uns 1.000 m² construídos aproximadamente.

Dito edificio conterá os espazos para desenvolver as seguintes actividades.

- Actividades culturais.
- Actividades artísticas.
- Actividades tradicionais.
- Actividades educativas e literarias.
- Actividades comunitarias, reunións, asambleas, administración.
- Actividades de lecer e recreativas.
- Actividades deportivas.
- Talleres...

CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ

Os espazos necesarios, así como a súas características principais detallanse a continuación:

- Unha planta dedicarse a salón de usos múltiples: teatro, charlas, concertos, asembleas, proxeccións, bailes, clases de baile, exposicións, etc.
 - Deberá contar con vestíbulo, escenario e vestiarios.
 - Contemplará a recollida e almacenaxe de mobiliario coa menor dificultade posible.
 - Terá iluminación, insonorización e acústica acordes cos usos a que se destina.
- Na outra planta poderán ubicarse:
 - Sala de xuntas de uns 50 m2.
 - Tres/catro talleres versátiles para informática, radio, clases diversas, pequenas reunións.
 - Aseo e vestíbulo con zonas de paso e espera.
- No baixo cuberta, poderá ser a zona administrativa:
 - Seis oficinas, unha para cada entidade parroquial, e un arquivo.
 - Aseos e vestíbulo con zonas de espera e paso.
- No baixo (accedendo por a rúa Leandro del Río) poderán instalarse:
 - Bar con cociña, barra para mesas e almacén para bebidas e outras necesidades de uns 120 m2.(non se presupostará, ó estar previsto que sexa unha concesión ou sistema de explotación da mesma, polo que o adxudicatario deberá realizar a obra de acondicionamento da mesma).
 - Gardarroupas de uns 10 m2.
 - Aseos amplos (por non contemplarse na planta dedicada a salón).
 - Vestíbulo (zona de recepción, espera e paso) acorde coa categoría do edificio de uns 50 m2.
 - Estudarse a posibilidade de instalar nesta planta unha sala de lectura e biblioteca que deberá ter acústica apropiada de uns 80 m2.
- No soto poderán instalarse as seguintes dependencias:
 - Espazo dedicado a ximnasio e ensaio de grupos musicais de uns 100 m2.
 - Almacén para gardar instrumentos musicais, material deportivo e de tremoia, mobiliario, etc de uns 40 m2.
 - Aseos, duchas e vestiarios de uns 40 m2.

O orzamento de execución estimado (incluíndo o 19% G.G. e B.I. 16% I.V.E, ascenderá aproximadamente á cantidade de 810.000€.

CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA DE LÉREZ

UN POUCO DE HISTORIA DO EDIFICIO ACTUAL.

En 1929 un grupo de veciños da parroquia de Lérez fundan a asociación *Juventud Lerezana* que levou a cabo unha importante labor cultural, artística e recreativa como o acreditan a creación dunha biblioteca, un coro e unha rondalla e a organización de conferencias, clases nocturnas, bailes... Era unha sociedade de carácter estritamente cultural, artístico e recreativo independente de calquera ideoloxía.

Unha das primeiras actuacións que emprenderon foi a compra de terreos para construír un edificio. Daquela, mércanse tres parcelas no lugar de Torre cuxo importe foi adiaantado por algúns socios. Obteñen licenza de obra en 1933 e comezan a construción do edificio con aportación dos socios: uns entregaron cantidades de diñeiro, outros cederon materiais e outros colaboraron co seu traballo persoal. A testemuña daquela xente emprendedora, posibilitou que non se esquecera o interesante labor que esta asociación desenvolveu no curto período da súa existencia. Pero ademais existen valoracións do aportado por cada persoa, informes, facturas, libros de actas e de contas e outra documentación que se conserva repartida entre o Arquivo Histórico Provincial, as entidades parroquiais e domicilios particulares.

Ó estalar a guerra civil de 1936, a sociedade *Juventud Lerezana*, inexplicablemente, foi declarada marxista, polo que o Estado lle incautou o local social e o inscribiu no Rexistro da Propiedade de Pontevedra en 1939. Posteriormente foi transferido á delegación nacional de Sindicatos de F.E.T. y de las J.O.N.S. que realiza a segunda inscrición en 1945 e que llo vende á Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos de Pontevedra en 1973. Por distintas subrogacións o edificio pasa a figurar no inventario de bens da Cámara Agraria Local de Pontevedra e da Xunta de Galicia que o adscribe á Consellería de Agricultura. Toda esta maraña administrativa artéllase de costas ós veciños de Lérez, lexítimos propietarios, e probablemente coa intención de facer imposible a reversión á parroquia...

Con todo, o edificio, a non ser os anos adicados a almacén de armas e os que estivo abandonado, sempre foi utilizado para fins parroquiais: escolas, teleclube, lugar de actividades e sede das distintas entidades parroquiais. Realmente a parroquia de Lérez se que era a propietaria lexítima do local social de *Juventud Lerezana*, non só por terse edificado con aportacións de diñeiro, traballo e materiais dos veciños, senón tamén porque a parroquia gozou pública e pacíficamente de súa posesión. Pero faltáballe un título legal de propiedade, reivindicación que non foi fácil de conseguir.

O proceso de recuperación legal, que se iniciou en 1982, foi longo e pasou por distintos graos de intensidade e diferentes liñas de xestión. Non culminou ata 2003 ó asinarse a última escritura que daba cumprimento ó convenio que se acordara en 1999 entre a Xunta de Galicia, Concello de Pontevedra, A Alianza Ganadera de Lérez e a Comunidade de Montes de Lérez que pasa a ser propietaria para compartir o seu uso co resto das entidades parroquiais. Con esta recuperación rendíaseles homenaxe ós homes e ás mulleres que fixeron realidade aquel edificio en 1933, así como unha notable promoción cultural.

Na construción de novo inmoble para albergar a *Casa de Cultura de Lérez*, non debemos esquecer os fins e o traballo daquela xente da expoliada *Juventud Lerezana* e construír un edificio que responda ás actuais necesidades da parroquia nos eidos sociais, culturais e recreativos como respondeu o seu predecesor.

Hoxe o edificio está en estado de ruína tal e como se pode ver nas fotografías adxuntas, **só debendo conservar por esixencia municipal o frontón existente no novo edificio.**

A actual Comunidade de Montes Veciñais de Man Común da parroquia de Lérez está integrada por 374 comuneiros e adicánselle ó coidado e aproveitamento dos recursos madeiros das 60 Ha de montes de dita parroquia no termo municipal de Pontevedra.